

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VII — NÚMERO 185 — 15 MAYO 1923

## ¡TERRA A NOSA!

O día 18 d-este mes, fai sete anos que se constituíu na Cruña a primeira Irmandade da Fala de Galicia.

Son sete anos, nos que día tras día e hora tras hora, a Irmandade da Fala, foi unha escola d-enxebrismo aberta a total-as concencias escuras, desexosas de ver a luz da liberdade de Galicia, e unha fonte cristaiña, que apagara a sede d-enxebrismo, que latexaba escondido no fondo dos corazóns galegos.—Sete anos de rexo bregar, sin acougar na loita, a pesar das espiñas que *os imbéciles e escuros* puxeron no noso camiño.—Non tuvemos unha indecisión, nin un mal paso que poideran facer tremar o caliz grorioso, en que se xuntaron as vontades do pensamento galego, xunto en sagrada Irmandade na Groriosa Asamblea de Lugo.—Sempre fortes, sin medo a ninguén, inyectando a cotío no corazón do pobo galego, o elixir sagrado das suas lidertades, nas que sempre tivemos fé, fé de fanáticos, que entregan o seu corazón e a sua vida ao logro d-un ideal.—Diante da cobardía dos homes faltos d-idealidade, diante do espectáculo noxento que dan os homes-estómago, que supeditaron a sua autuación, ¡a liberdade da nosa terra! ás comenencias do seu peto, somentes unha realidade houbo n-estos tempos, e isa realidade somos nós, que cheios de fé e ateigados d-entusiasmo, dímos en todol-os momentos o noso peito e os pulos noxentos da nosa mocidade espiritual á causa das liberdades galegas.

Podemos falar alto, porque a nosa voz endexamais transportou a infamia a través dos corazóns; ollar ao noso redor, porque temol-a seguridade que ao conxunto da nosa ollada, nobre e agarimosa, brincarán os corazóns limpos de maldade e cantarán o aturuxo guerreiro, porque xa nas campiñas da nosa Patria hai exércitos que o obedezan, como si fora a voz da Terra Nai, que ordena aos seus fillos ocupen o lugar que o destino lles sinala.

Ao cumprirse o aniversario da groriosa fundación da nosa Irmandade, xuramos seguil-o camiño que até eiquí seguimos, dándolle ao pobo cultura, para que apague a sede de ensino, adeprenda o pasado e lea o porvir da Patria, emoción, para que se mire no noso espello e encha o corazón de patrióticas inquedudes, fé, para que non desconfie e loite con os ollos postos na estrela solitaria, símbolo da nosa liberdade, corpos, para a gran batalla que vislumbramos nun ourizante cercanó e corazóns para que despois da gran loita, o día da derradeira victoria, podamos levantar sobre da sua virxinidade o monumento as liberdades de Galicia, conquerdas pol-os que deixandó a unha veira a vida i-a familia, lanzáronse pol-os sendeiros da liberdade, para deixar aos seus fillos unha Patria libre, que seipa cumprir os destinos que a Humanidade, como parte da mesma, ten dereito a eisixirille.

¡Irmans na causa, fe no porvir, que o trunfo é dos que loitan!

ADVERTENCIA

En lugar de decir se os países inventan, etc. etc.

En lugar de decir se os países inventan, etc. etc.

## Novas da causa

## Irmandade da Fala da Cruña

Na Xuntanza de Directiva tida por esta entidade o día 6 do corrente, foron nomeados para formar parte das diferentes seucións da mesma, os irmáns que siguen e que as constituíen da seguinte maneira:

## SEUCION DE CULTURA E FALA

Presidente: Leandro Carré Alvarellos. Segretario, Bernardino Varela. Vocales, Francisco María Balboa, Manuel Lugo Freire, Xosé Baldomir, Fuco Abelaira e Víctor Casas.

## SEUCION AGRARIA

Presidente, Tomás Rodríguez Sabio. Segretario, Enrique Rodríguez Sabio. Vocales, Luis Reynante, Benito Ferrero, Felipe Sánchez, Antón Álvarez e Luis Peña Novo.

## SEUCION POLITICA

Presidente, Luis Peña Novo. Segretario, Anxel Casal. Vocales, Antón Martínez, Tomás Rodríguez Sabio, Federico Zamora, Carlos Monasterio e Ramón Moscoso.

Agardamos dos nosos queridos irmáns que forman parte das seucións, que co mesmo entusiasmo que até eiqui viñeron laborando pol-o trunfo da sagrada causa que defendemos, ao atoparse dentro das seucións, desenrolarán total-as suas iniciativas para que estos organismos poidan dar o máximo froito ideolóxico do que tan falla está a nosa Patria.

¡Moito acerto na súa xestión, que é o que todos desexamos!

\* \* \*

Na mesma Xuntanza de Directiva, foron nomeados Director e Segretario de Redacción d'A NOSA TERRA os irmáns Luis Peña Novo e Tomás Rodríguez Sabio, conselleiro primeiro e secretario, respectivamente, de esta Irmandade.

\* \* \*

Con motivo do aniversario da fundación da Irmandade, que é o da 18 do corrente, o domingo 27, farán os irmáns da fala e as suas familias unha excursión a Abegondo, donde pasarán todo o día.

O Consello Directivo prega a todol-os irmáns que acudan a esta excursión, xa que é o seu desexo facer un día de gran enxebriemento. Cada familia debe de levar a súa comida, pois permaneceremos no campo até a noite.

Cantos datos sexan necesarios para que os irmáns estén ao corrente da excursión poden solicitalos na segredaría da Irmandade.

\* \* \*

O domingo 3 de Xunio, celebrarase un gran acto d'affirmación nacionalista na veciña vila de Sada.

E motivado este acto, ao desexo da Irmandade de facer a "festa da bandeira" no pobo que tan xenerosamente contribuíu a dotar a esta sociedade, da enseña gloriosa da nosa Patria. Con tal motivo irán a Sada moitísimos irmáns que coa súa presenza, queren testificar a aquela vila o seu profundo agradecimento, por canto Sada leva feito pol-o despertar da nosa terra.

Coincidindo con este acto, constituirase alí, unha Irmandade da Fala, atendendo aos desexos expresados por moitos amigos nosos de Sada, que desexan incorporarse oficialmente ao movemento de liberación de Galicia, que hoxe encarna en outro grado a Irmandade da Fala da Cruña, escola de desinteresado e forte patriotismo.

## Filosofando

Se me gostase o dormir pegariame un tiro e dormería para sempre; mais non son durmente, góstame de vivire.

As veces cavilo, e si queredes filosofo e digo:

¡En verdade! ¿Qué necesidade eu teño de estar loitando co-ista vida teral chea de tropezos e calamidades e ao romate, qué? ¡Morrer!

Desaparecendo do mundo dos vivos reintegrariame ao meu verdadeiro mundo, ao mais duradeiro e que todos vivimos diante de nacer.

Tamén penso. ¿Qué vimos facer nós a este mundo? ¿Qué se fixo até o de oxe? ¡Traballar! ¿Para qué? ¡Para morrer! Nada mais que para morrer.

¿E ista é toda a nosa ambición? En verdade que somos xente resñada.

Mais, eu quero traballar para vivir outra vida, unha vida chea de loita e de xusticia para todos, unha vida dina das xentes, de inqueda dos espíritos. En síntesis, o que debe ser a vida.

Por iso eu son nazonalista, pol-o feito de querer axudar a dar vida ao que por causas alleas a nós está morto, pol-o feito de querer axudar á reivindicación da personalidade da miña Patria e facer d'esta maneira a Galicia que poida figurar entre os pobos cultos.

Si eu non laborase n'esta gran obra non tiña razón de existir, e xa hai tempo que o meu corpo estaría desfeito e o meu espírito renegando de sí mesmo.

ENRIQUE R. SABIO.

## REAL ACADEMIA GALLEGA

## O novo Presidente

O día 12 celebrou xunta esta entidade cultural galega para desinar o novo presidente e mais o tesoureiro.

Por unanimidade resultou elixido para a presidencia D. Andrés Martínez Salazar, que ven á ocupar tan honroso cargo, vacante pol-a morte do ilustre historiador don Manuel Murguía, que foi o primeiro presidente da docta corporación.

O novo presidente da Real Academia Gallega, don Andrés Martínez Salazar, ten méritos d'abondo para ser elixido. E autor do libro "El cerco de La Coruña", dos folletos "Los nombres de La Coruña", "La Beneficencia en Betanzos", "El artículo indefinido gallego" e outros varios. El foi tamén o editor da célebre "Crónica Troyana" e da "Biblioteca Gallega", e inda que astorgano, tivo sempre para a nosa Terra verdadeiro amor e prestoulle o servizo do seu talento e do seu traballo.

Felicítamos ao Sr. Martínez Salazar pol-o seu nombramento, e d'él agardamos moito bon proveitoso para a Academia e para o engrandecimento das letras gallegas.

O único de que nos doemos, como nazonalistas que somos, é que non se atopara digno de presidir á Academia Gallega á ningún gallego.

Para tesoureiro foi elixido, tamén por unanimidade, D. Francisco Ponte Blanco, á quen igualmente felicitamos.

Na mesma sesión presentáronse as propostas de dous novos académicos: os Sres. D. Xosé Pan de Soraluze, director de "El Orzán", e de D. Vicente Risco, xefe supremo da I. N. G.

## ADVERTENCIA

Ao retirar o branco segundo d-este número, decatámonos do error sofrido no artigo de fondo, línea 16, que dice «e os pulos *noxentos* da nosa mocidade espiritua», en lugar de decir «e os pulos *inxentes*, etc. etc.»



## Leonardo Coimbra

Por novas recibidas derradeiramente de Portugal, podemos adiantar aos nosos irmáns e lectores, que o gran filósofo portugués Leonardo Coimbra, virá a Cruña no mes de San Xuan, acompañando a un famoso orfeón da terra irmán.

A Irmandade da Fala, ao ter coñecemento da súa visita á nosa Patria, acordou recibilo e agasallalo, do xeito que merece o gran mestre do saudosismo portugués.

Teremos ao corrente aos lectores de A NOSA TERRA, de todo canto se relacione coa excursión, que esta embaixada espiritual do irmán Portugal, fará pol-a nosa terra.

## ¡Inda hai Raza!

Os delegados das Sociedades obreiras e agrarias do distrito de Tuy, dimpois d-unha importante reunión, acordaron dirixir o seguinte telegrama ao Presidente do Consello de Ministros, ao Presidente do Tribunal Supremo, ao Ministro de Gracia e Xusticia, ao Centro Gallego de Madri, a Basilio Alvarez e a Portela Valladares:

*«Reunidos os delegados das Sociedades agrarias e obreiras do distrito de Tuy, acordaron dirixirse a V. E. para lle manifestar que os electores da candidatura de Portela Valladares teñen o propósito de ir a esa capital a reproducir diante do Tribunal Supremo e o Parlamento a votación efectuada nas últimas eleccións, demostrando así a verdade do que afirma o noso candidato señor Portela Valladares e a falsedade e procedimentos de Ordóñez e os seus secuaces.»*

*Os DOUS MIL SETENTA E DOUS votantes que tuvo espontaneamente Portela Valladares irán a Madri con documentos que acrediten a súa personalidade e anticipan a V. E. que están realizándose xestións pol-a Compañía para dispoñer dos tres que han de conducir aos expedicionarios. Solo esperamos se nos indique día.»*

Firman este despacho os representantes agrarios e obreiros Santiago González, Domingo Páramos, Casiano Rodríguez, Manoel Alonso, Antonio Rodríguez, Manoel Gómez, Xosé Alvarez, Xeneroso Lagarexos, Manoel Noya, Emilio Moldes, Luís Alvarez, Rosendo Alfaya, Xosé Torres, Enrique Fernández, Isidro Giráldez, Xosé Bouzón, Manoel Martínez, Xosé Alvarez, Xosé M.<sup>a</sup> Puebla, Lorianio García Tabal, Evaristo Dominguez, Francisco Pousadela, Manoel Rodríguez Fernández, Roque Portela Giráldez, Xosé Rodríguez, Xuan Rodríguez, Xosé Bouzada, Xosé Román, Enrique Jaso, Serafín Fernández.»

Como podrán vel-os nosos lectores e irmáns os agrarios de Tuy, que loitaron como titás por defendel-os seus dereitos nas eleccións de Diputados a Cortes, están dispostos a que non se lles roube a súa vontade.

Xa poden xuzgal-os nosos lectores en que condicións están os ánimos en Tuy. Unha vez mais podemos afirmar, cheios d-orgulo, que ¡inda hai Raza!

## NA "REUNION DE ARTESANOS"

### Unha serie de conferencias

Vense celebrando na popular sociedade cruñesa un curso de notables e interesantes conferencias relacionadas coa personalidade de Galicia. Entre os conferenciantes, figuras de relevo na cultura galega, forman algúns distintos irmáns que tomaron parte tamén na serie de conferencias non menos importante que tiveron lugar recentemente na Irmandade da Fala. Facemos constar esto porque observamos que hai quen, á pesar de se chamar nazonalista, escribe crónicas nos diarios da rexión facendo resaltar a labor mais ou menos intensa de algunhas entidades galegas e silenciando sempre, con toda a mala intención de que é capaz, a labor constante e fecunda da Irmandade da Fala á que deixou de pertencer; sen dúbida coidando que por non a citar deixa ela de existir.

\* \* \*

A primeira das conferencias do "Circo" á que nos referimos estivo á cargo do sabio catedrático de Santiago, noso irmán honorario D. Armando Cotarelo, que demostrou unha vez mais que a nosa fala é un idioma merecente de ser estudado por todos e conservado con agarimo.

A nosa admiración pol-o profundo saber do Sr. Cotarelo é grande; e vendo con canto entusiasmo axuda a nosa labor co seu valemto e co seu prestixio, afincase mais cada día en nós a satisfacción e a honra de contalo nun posto de honor nesta Irmandade.

O noso irmán D. Euxenio Carré Aldao pronunciou a segunda das conferencias, que foi sobre "O noso pasado literario, e reivindicación que se impoñen". Dados os moitos e concienzudos estudos que o conferenciante ten feito sobre a materia de que tratou, comprenderase canta é a importancia da súa disertación.

A falta de espacio impídenos falar detalladamente sobre estas conferencias. Coidamos que elas han ser publicadas facendo así unha obra de maior difusión da nosa cultura, e os nosos lectores que se interesen por elas poderán saborealas cando chegue esa oportunidade.

Non queremos, noustante, deixar de nos referir á terceira, con especialidade, porque estimamos en ben de Galicia facelo así.

### A CONFERENCIA DO DR. GALINDO

Moito temos de agradecer aos alleos que se adiquen ao coñecemento da cultura histórica e tradicional da nosa terra, pois d'ese xeito non somentres contribuírán cos seus traballos á investigación do noso pasado, se non que así poderán facere xusticia á unha terra y-a unha raza inda mal comprendida para moitos.

Mais o agradecemento non pode privar de que tamén queira facela quen recibe consellos que non precisa, e moito mais si se reclama para os traballos y-os méritos de cantos, nados na terra, adícanse, baixo as feras olladas d'unha crítica esixente, ao estudo da nosa historia e da nosa cultura tradicional.

Ven todo isto á conto, pol-a conferencia, ou mellor dito, pol-o resume da traducción que o distinto catedrático de Lengua e Literatura latina da Universidade compostelán, Dr. Galindo, fixo da obra "Peregrinatio Silviæ", da nosa Virxen Eteria, na "Reunión de Artesanos".

Co'a obra na man, seguindo a interesante descripción que fai Eteria, o Dr. Galindo dixonos o que ela conta, é decir, por onde foi e volveu, e qué veu no camiño.

E verdade que xa é bastante, porque así decatouse o público da importancia da obra e do mérito da súa ilustre escritora; mais para o nome do Dr. Galindo, que tanta

Use vosté papel de fumar

NOROESTE

sona alcanzou n'estes derradeiros tempos, e para o seu desexo de investigal-o noso pasado, non poido ser menos. Porque fora do que puxo na conferencia a nosa Eteria, co'as suas verbas, inda que tivera que as traducir, maldito se cousa oímos; pois non podemos xuzgar como verbas de conferenciante, e menos de catedrático, xa non digamos de clérigo, certos chistes, que quixeron selo, con que ás veces interrompía a solemnidade do acto y-o interés do relato do viaxe feito por Eteria.

O que xa cabe dentro da crítica, mais non queremos facela, é a digresión que fixo meténose pol-os camiños da gramática: é cousa que non importa á cultura galega, inda que por desconocemento da nosa fala, que non se aprende nos catro meses que aquí leva o Dr. Galindo, non vira nos infinitivos latinos da obra de Eteria os do idioma galego.

Unha cousa temos que recoller da sua conferencia: o consello que deunos ao final, cando nos dixo que a nosa saudale, que nin conoze nin pode sentila, convertíramola en agarimo ao noso pasado y-en conocimento da nosa historia. Agradécese a intención; mais debemos decirlle ao Dr. Galindo, que certos consellos, inda que non queiran selo, resultan un aldraxe para a nosa xente, pois non parece se non que aquí ninguén quere á sua terra, nin se preocupou de investigala, é que precisase que veñan os de fora, que sempre teñen os nosos brazos abertos, e os homes como o Dr. Galindo moito mais, para que aos catro días de vivire entre nós, decir á toda unha raza o que debe facer para ben quererere á sua patria. Eso, non, Dr. Galindo: nós non temol-a culpa de que vostede non tivera tempo de conócenos; traballe, siga traballando e, sobre todo, lendo canto levan feito e publicado os galegos, e xa verá a inxusticia y-o aldraxe do seu impórtuno consello.

GALLAICUS.

## O traxe galego

Parece que se ten de faguer en Madrí unha eisposición d'os traxes rexonales, nacionales. Hai xa unha Xunta orgaizadora. Tamén comités provinciais. Algunhas Diputaciós ofertaron o seu concurso. O ministro d'a Xustiza e mail-o d'o Enseño asistiron a unha xuntanza, que persidiu o primeiro. N-ista, entre outras cousas, acordouse ofertar a persidencia de honore á Raiña. O xornal madrileño donde leio isto chámalle "obra de cultura" a futura eisposición, e romata a noticia dicindo que "habrá de causar verdaderas sorpresas al público que la visite".

Hastra eiquí as miñas referencias. Agora unhas apostillas e suxestíós.

\* \* \*

¿Qué se pertenderá con somellante eisposición? Fomentar o uso do traxe rexonal en Madrí? ¿Que en Madrí, concurrencia d'as rexós naturás d'a Hespaña, se distingán unhos homes d'os outros pol-o traxe, de hoxe en adiante? ¿A obra de cultura, hula?

O que vemos é o ouxeto espeutacular d'a eisposición. O traxe, a distinción d'os pobos peninsulares, o xeito d'as razas n-o vestir, a diferenzación d'a indumentaria, postos en espeutáculo, en espeutáculo que ha de causar verdadeiras sorpresas, gargallantes sorpresas para a ñoranza. ¡Un espeutáculo mais! ¡Antroido!

\* \* \*

Pro isa proieutada eisposición é necesaria. E necesaria, para que os cegos e xordos de Madrí que non se asomaron

à rialidá d'a Hespaña, por iso decadente, se procaten de que eisten persoalidades carauterísticas, fisonomías propeas, nacionalidás, espritos, culturas, civilizazóns, modalidades, idosincrasias raciales n-a mesma, que non é dado pertender uniformar, anular, asoballar, con pertestos imperialistas, con fins egoistas de hexemonias odiosas, con tópicos unionistas trabucados de melloramento social.

O que a Natureza fixo, soilo a Natureza pode transformar ou desfaguer. Os pobos son como líquidos de diferente densidade, e non é posibre que xuntandós se consiga un novo. Non se pode asociar o fogo á i-auga.

\* \* \*

Os galegos mal andamos de traxe. Pobre indumentaria galega! N-as vilas? n-as cibdades, tan soilo se ve o traxe galego de Páscoas a Ramos, e cando se ve non é con seriedá, con dignidá. Aparece n-o corpo d'os gaiteros, n-as táboas d'o triato bufo, n-as antroidadas. Pobre traxe galego! Hastra d'as aldeias, donde se cobixa a i-alma d'a raza sin pulimento nin brillo, foi desaparecendo. Pobre traxe galego! Coitada fisonomía galega!

Os séculos de asoballamento centralista, castelán, acabaron c'a xeometría xenuina d'os nosos xastres! Soilo as liñas biolóxicas, anatómicas, fisiolóxicas, organográficas, antropolóxicas, fican en pé! En pé, Breogán!

\* \* \*

Urxe, Irmandades, a cruzada d'o traxe. Irmaus de rexo espírito, irmaus bariles, irmaus que non vos é medoñento o ridículo, irmaus fortes, voltemos pol-o desterrado traxe galego! Paseémolo de cotío pol-as rúas dignamente, fachendosamente, orgullosamente. D'os distintos ha de vir o exempro. Un, dous, tres, catro bos e xenerosos han de empezar. Levemos unhas véces o bon traxe de moda parisién i-outras o bon de corte galego. Acostumemos ó pobo a vestir o noso traxe.

Irmandades: ¡Voscos, os bos e xenerosos, ei!

A. SANTOS VILA.

## Terceira Exposición de Arte Galego

Durante o vran d'este ano celebrarásese na Cruña a "Terceira Exposición de Arte Gallego", patrocinada pol-o Excelentísimo Ayuntamiento.

A Exposición intalarásese nos salós do Pazo Municipal e inaugurarásese á mediados de Agostó, permanecendo aberta hastra os primeiros días d'Outono.

Comprenderá obras de pintura, escultura, grabado, arquitectura e artes aplicadas á decoración, tales como ferraxes artísticos, tallas en pedra, madeira, etc., cerámica, vidrerías, encaixes e outras.

E propósito do Comité organizadore lograr unha instalación o mais perfeita posibre. Non limita o número nen o tamaño das obras de cada envío; mais a fin de que poidan seren estudadas nas mellores condicións resérvase o dereito de espoñer sómente aquelas que permita a capacidade do local.

O Comité organizador recomenda co maior interés á cantos desexen concurrir coas suas obras, que procuren que



estas respondan á un criterio de franca afirmación galega; por considerare como a primeira e mais positiva labor d'estas Exposicións acadar que os nosos artistas se inspiren preferentemente nas características rexionaes.

Na mentres a Exposición permaneza aberta, o Concello e mail-o Comité organizarán festas, concertos, veladas, conferencias e toda crase de actos que contribuyan á facer mais eficaz a labor que se propoñen desenrolar.

#### B A S E S

*Primeira.* Invitaráse á concurrir á Exposición á todol-os artistas de reconocida souna, naturaes de Galicia ou que residan n-ela e teñan demostrado atoparse espiritualmente identificados coa Rexión.

*Segunda.* As obras dos invitados non sufrirán exame do Comité da Exposición e serán expostas sen mais limitacións que as que impoña a capacidade do local, en beneficio do conxunto e dos propios expositores.

*Terceira.* Os non invitados, sempre que reunan as condicións da base primeira, poderán enviar as suas obras sometendoas ao xuício do Comité organizador.

*Cuarta.* As obras de todo xénero deberanse presentar en condicións de seren expostas con marco e cristal (as que o precisen) e as esculturas e as de arte apricado, en materia definitiva, á ser posible, ou yeso patinado.

*Quinta.* As obras chegarán ao local da Exposición libres de todo gasto, sendo tamén os de retorno de conta do expositor, á quen avisarase oportunamente se algunha das suas obras non pode ser exposta.

*Sexta.* A cada envío deberá acompañar un boletín firmado pol-o autor ou representante seu autorizado, con expresión de títulos, tamaño, precio, etc. Das obras vendidas non se reservará cantidade algunha.

*Sétima.* Os expositores que desexen que no catálogo figure reprodución das suas obras, serviránse enviar fotografías das mesmas ao Comité da Exposición.

*Oitava.* As obras de todo xénero deberán estar no Pazo Municipal da Cruña antes do 1.º de Agosto e por ningún concepto poderán ser retiradas denantes da clausura da Exposición.

*Novena.* Os traballos da Seición de Arquiteitura poderánse referir á construcións antigas e modernas, recomendándose especialmente aquelas que sexan menos coñecidas co fin de aportar cantos elementos sexa posible á formación do catálogo arquiteitónico da Rexión.

Para reunir a maor cantidade de datos acerca d'un momento, deberán acompañar os gráficos correntes, tales como plantas, seicións, alzados en proyección, detalles en cõr, etc., fotografías dos principais elementos. A este fin admitirase o concurso, non sõmente dos arquiteitos, senon dos arqueólogos e amadores, por se considerare do maor interès todo canto uns e outros poidan aportar para o mais completo estudo da arquiteitura rexional.

*Fernando Alvarez de Sotomayor, Francisco Llorens, Antonio Palacios, Román Navarro, Anxel Castillo, Xosé Seijo Rubio, Rafael González Villar, Fernando Martínez Morás, Alexandro Barreiro, Antonio Durán Cao.*

#### TEATRO GALEGO

## Escola Dramática Galega

### NA "IRMANDADE"

O domingo 15 do pasado representouse na "Irmandade" o fermoso drama de Carré "O pecado alleo". Con arregrõ ás condicións do escenario a obra foi representada admirablemente, gustando moito e sendo moi apraudidos o autor e os intérpretes.

Con esta velada, á que asistiu unha enorme cantidade de público, deron remate as que dende o mes de Outono veu celebrando sempre con éxito grande a notabilísima agrupación que durante o vran pensa facer varias excursións por diferentes pobos de Galicia desenrolando unha grande labor pol-o rexurdimento do teatro galego.

### E N S A D A

O domingo 22 foi a "Escola Dramática Galega" a Sada a representar "A Ponte" do irmán Lugrís Freire, fillo d'aquela fermosa vila mariñán. Aos rapaces que fan "A Ponte" acompañáronos mais de trinta irmáns, entre eles moitas donas. Alí foron recibidos pol-os elementos nacionalistas que veñen formando unha "Irmandade da Fala" e foron ouxeto de grandes agasallos por parte d'eles.

As oito da noite, hora señalada para a función, o amplo teatro do "Salón Suizo", propiedade do noso querido amigo D. Saturnino Couceiro, estaba materialmente ategado de público. Denantes de començar a velada un bon número de irmáns, a telón corrido, cantaron o Hino a Galicia, que foi escoitado relixiosamente pol-o público posto en pé. Seguidamente representouse "A Ponte", que como as veces anteriores foi admirablemente interpretada. A concurrencia entusiasmouse axiña pol-a obra e apraudiu calurosamente algúns pasaxes d'ela, sobre todo aqueles nos que se evocan algúns lugares das Mariñas. Ao final de todol-os actos pediu a presenza do autor, que foi cariñosamente apraudido.

Ao remate, Lugrís pronunciou unhas verbas nas que falou do seu amor pol-a terra onde nasceu, do simbolismo de "A Ponte" e facendo ao mesmo tempo un fermoso canto a Galicia decinco que é preciso a unión de todol-os galegos para defendel-a contra o caciquismo e os poderes extranxeiros. O seu discurso, altamente nacionalista, causou unha grande impresión no público que apraudiu entusiasmado. Rematouse o acto con berros de ¡Viva Galicia libre! e ¡Terra a Nosa! Foi en resumo un fermoso e grande acto nacionalista. Aos rapaces da "Escola" e os irmáns que con eles foron acompañounos hasta o tranvía que tiñan alugado moita xente que os fixo ouxeto de grandes ovacións.

Ao arrancar o tranvía volveuse novamente a cantar o Hino da Patria e repetítonse os berros de liberdade e de fondo galeguismo.

A noso embora á "Escola Dramática Galega" polo éxito conquistado e o noso agradecimento pol-a patriótica labor que realiza.

## NO "SALON DORE"

O lunes 23 representou n'este teatro situado no barrio de Santa Lucía o drama de Lúgrís "A Ponte", conquerindo un novo éxito. Asistiu á representación unha gran cantidade de público que gabou as belezas da obra e apraudiu longamente ao seu autor e aos intérpretes.

## O coro "Queixumes dos Pinos"

Estes días está exposta n-un escaparate da Rúa Real o enseña d'este meritorio coro que leva por título o que leva unha das mellores obras do noso bardo Eduardo Pondal.

E unha bandeira galega na que destaca o escudo da cidade da Cruña e a simbólica fouce símbolo de redención da Terra galega por unha banda; e pol-a outra, o grito de liberdade; Terra a Nosa!

Este notabre coro que axiña dara-se a conocer dos pobos mais importantes da nación galega, está integrado por moi bós elementos na difícil arte do canto, e dirixidos pol-o xa coñecido e competente mestre Mauricio Farto, que xa en diferentes veces ten demostrada a súa pericia.

O noso agarimoso saúdo ao enxebre coro que ven á nova vida para dar días de gloria a Galicia, saúdo que facemos extensivo ao seu entusiasta presidente noso querido amigo Federico Lago, incansable fomentador da arte galega. ¡Adiante, rapaces, e a trunfar!

## Posta do Sol

A tarde, saudosa, vaise pol-os irtos penedos da serra. O vento, mainiño, acaricia as follas, tristeiro e doído. Está o Camposanto na paz e no olvido. Encol d-unha tomba canta un paxariño. ¡Tenra soedade!... Nos meus ollos, sinto a pena das bágoas... Tan soio cobizo a tomba, onde, amante, canta o paxariño.

X. VIDAL MARTINEZ.

Pontevedra.

## PENEIRANDO

Fai poucas datas, que os xornaes trouxéronnos a nova, de que unha comisión de socios da Casa de Galicia na vila podre, había visitado ao conde de Romanones, para que na vacante que él deixa de ministro de Gracia e Xusticia (por pasar a ocupar a presidencia do Senado) puxera ao gran *camelista galego* Xerardiño Doval.

Toda a prensa de Madrid, bourou con xusticia, nos ilotas galegos, que tiveran a osadía de propoñer ao parvo de Doval para tan outo posto, do cual non é merecente este rexionalista do lacón con grelos.

¡Foi boa a carena que lle deron os madrileños da pren-

sa aos "simpatizantes de Doval"! ¿Cando os galegos-hespañolistas que viven "na corte" deixarán de facel-o burro e aldraxar a nosa terra?

\* \* \*

Un concellal *agrario* do Ayuntamiento da Cruña foi a Tuy, ao fronte de unha banda de pistoleiros, a combater a candidatura do noso amigo Portela Valladares, candidato dos valentes agrarios d-aquela comarca.

Supoñemos que este farsante, iría representando aos *agrarios* de *immoral*, cacique conservador en Bergantiños, pois esta suposición é o único que xustifica a súa presenza en Tuy.

¡Alerta, labradores de Oza, pois vamos ter que començar unha era de estacazos, para adovar a todol-os sinvergonzas que vos engañen.

\* \* \*

Estamos cansados de oír barullar, en nome da "Federación Provincial Agraria da Cruña", aos aspirantes a caciques. En nome de este, inda non nacente orgaismo, xogouse un partido de *carambolas políticas* en Chantada e Lugo. ¡Xa vai sendo tempo, de que saiamos do noso silencio e comencemos a dar a conocer ás xentes, quenes son, algús dos que drixen dita Federación! ¡Hay que tirar-os falsos pedestales!

\* \* \*

Un xornal da Cruña, que se chama "rexionalista e defensor dos agrarios", négase a publicar todo o relacionado coa campaña agraria que a Irmandade da Fala da Cruña, comenzou pol-a provincia.

Sabemol-os motivos (pois os mesmos directores no los dixeron) porque se silencia a nosa campaña. ¡Teñan moito cuidado no que fan, pois xa vai sendo hora de decir ás xentes que os están axudando, quen é o dono de dito xornal e quen o drixe dende detrás da cortina! Estamos dispostos a non tolerar mais farsas, caiga quen caiga é doía a quen doía.

\* \* \*

O xefe do Goberno da Hespaña señor marqués de Alhucemas, fai días queixábase á prensa, porque en casi todas as provincias hespañolas, non querían aceptar os candidatos cuneiros impostos pol-o Goberno.

En Galicia, como de cote fauráronnos os que quixeron e deixaron sin representación a fillos da Terra, que eran tan caciques como os outros.

¿Cando despertará o noso pobo e barrerá a tantos sinvergóns?

## LECTURAS

"Nós".—Ourense.

Recibimos o número 16. Publica: Manuel Murguía da redacción; Do meu diario, por Castelao; Papeletas cervantinas ao marxe de Galicia, por Xoaquín Arias Sanxenxo; Arqueoloxía, As nosas publicacións, Archivo filolóxico e Etnográfico de Galicia; Os homes, os feitos e as verbas da redacción.



## As eleccións de deputados a Cortes en Galicia

EN TUY

Non podemos deixar de comentar, con o agarimo que merece, o acto d-afirmación da persoalidade da nosa terra, dado pol-os valentes agrarios de Tuy, con motivo das eleccións de deputados a Cortes.

Tuy, que até fai pouco tempo era un dos pobos da nosa terra, cuya liberdade estaba afogada pol-a presión do caciquismo, n-estas eleccións, demostrou a Galicia enteira, que cando un pobo quere ser libre, non hay forzas d-abondo para ouxetal-o sen esforzo liberador.

E como Tuy representaba n-estos momentos un caso de dinidade galega, fronte d-unha banda d-asesinos capitaneados por un dos causantes do desastre de Annual, por esto os irmáns agrarios, decatándose do papel que tiñan de representar (e que era o de persoeiros das liberdades galegas), foron á loita co corazón ategado d-idealidade e cos ollos postos na estrela da liberdade da nosa terra.

Era un verdadeiro exército o que estaba en loita, unha disciplina férrea (mantida pol-o entusiasmo dos seus corazóns), era a característica d-aqueles loitadores.

Ao fronte d-este exército de corazóns galegos, estaba un home, que deixando a unha veira a súa persoalidade política, o seu diñeiro e as posibilidades de perdela súa vida, púxose á disposición d-esta gran cruzada de redención galega. Este home, é o vello loitador, o único parlamentario que Galicia ten nas Cortes da Hespaña, o noso querido amigo e irmán Manuel Portela Valladares.

O exemplo que este loitador dóu, foi o que animou aos agrarios d-aquela comarca, pois non podían acobardarse cando veían á cabeza d-esta gran cruzada ao home que n-estos instantes representaba no Parlamento a dinidade galega, fronte á cobardía espiritual dos que se chaman deputados por Galicia.

A loita foi dura, eran moitol-os intreses creados, mantidos pol-o salvaxe caciquismo de Ordóñez, eran moitol-os

estómagos agradecidos que veían acercarse o final da súa mantenza, e aínda por riba de todo esto, superando a todo canto se teña conocido en materia de salvaxismo, foron moitol-os atropellos que o bárbaro "poder público", executou en Tuy. Nada de esto importou, nada pudo detér a ola destructora (porque era inmensa), e non houbo barreiras d-abondo para impedil-o trunfo da vontade, levada as urnas. Saeu triunfante Portela Valladares e pol-o tanto, trunfou a Nova Galicia que s-impón rexa e disposta a ser dona dos seus destinos.

Pero os caciques, que non puideron ganar porque representaban a podredume das concencias lixadas, quixeron falsear a victoria agraria, ¡a victoria de Galicia!, e falsificaron actas, e roubaron pliegos certificados. Non podían consentir que Tuy fora libre, porque a liberdade, podía traer a caída das súas testas baixas, era moito, ter que vel-a "Liberdade", dona e señora dos destinos de Tuy. Unha vez mais, os caciques convertidos en ladrós, asesinos e falsarios.

Ante estos salvaxes atropellos erguéuse a Galicia honrada, erguéronse os *bos e xenerosos*, que no están dispostos a consentir tal despoxo. Tuy representa a Galicia Nova, e por eso, todo canto pase en Tuy, será un episodio da nosa liberdade, que estamos dispostos a defender coste o que coste e pese a quen pese.

A NOSA TERRA ofrécese incondicionalmente aos valentes agrarios de Tuy, irmáns na Causa de Galicia, para non consentir que unha vez mais os caciques poñan por monteira a vontade de Galicia.

\*\*\*

Moitos nazionalistas da Cruña, en varios automóviles, foron a Tuy, a axudal-os agrarios, pois non podían consentir que somentes foran eles os que deran o peito ás salvaxadas gubernamentales.

\*\*\*

*No próximo número, falaremos das eleccións en Puente Caldelas e en Vigo.*

## A SUPERIORIDADE

DOS

# CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores. Mais o procedere d'unha industria galega,

## HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a súa Terra.

Fábrica: Juan Flórez, 136 — A CRUÑA

DESPACHOS: { Cantón Grande, 15 - A Cruña.  
Real, 110 - Ferrol.  
Príncipe, 9 - Vigo.

# Incombustibles lixeriras Impermeables as pizarras C. Y. T.

son a millor cuberta para tellados

Pódense ver empregadas nos edificios: Cuartel das Mercedes, de Lugo; Balneario de Guitiriz, e nos edificios recentemente construídos no Campo da Estrada, da Cruña, para Inxenieiros militares, etc., etc.

Son perfectamente regulares, cortadas a máquina e solo pesan 16 kilos metro cuadrado

Vendedor exclusivo: VIUDA DE NOVOA

Payo Gómez, 6 - A CRUÑA

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN, 70  
(Frente do Pórtico de San Andrés)

EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

F. BERTRAN E MIRAMBELL

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneraça para equipo da Mariña. Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

“Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran. e Mirambell  
VIGO-CRUÑA

ZINCKE HERMANOS  
LIBRERIA — PAPELERIA

IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa eras que máis honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adiantos.

Paulino Freire

BOUZAS - VIGO

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros  
Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxeiros  
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Filios de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUNA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRICOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Grandes Almacés de Tecidos  
NUEVO MUNDO

SECCION DE SASTRERIA E CONFECIONES

Inmenso surtido en Panos da Rexion e Estranxeiro. Confecionanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

A CRUNA